

## **PROGRAMA DE ROTAS POLA PROVINCIA: “A CORUÑA A PÉ”**

O vindeiro sábado día 16 de maio terá lugar a oitava das excursións do programa de Rotas pola Provincia. “A Coruña a pé “ que organiza a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo.

Nesta ocasión o destino será **O Monte Pindo coa vista vosta nas Terras de Ézaro, Xallas, Sanamede, Caldebarcos, Carnota...**

Un programa de sendeirismo que cumpre dezasete anos ininterrompidos de viaxes a través da provincia coruñesa , percorrendo a historia, lendas, natureza e paisaxes. No pasado ano as excursións visitaron fermosos lugares das catro provincias galegas. Nesta ocasión volvemos a atravesar camiños para soñar a través das catro provincias galegas, coñecendo o seu mar, as súas praias, fragas e ríos, a súa riqueza monumental rematando cunha ruta polos camiños arraiáns con Portugal.

O programa transcorre este ano polas catro provincias galegas así viaxamos no mes de xaneiro polos camiños prehistóricos nas terras do Eume a través do corredor ecolóxico das Neves e o Sesín de Caaveiro para xa no Entroido visitar o Forgoselo e a Pena dos Tres Pés, a Eira das Greas e o río da Hermida..

En marzo puidemos disfrutar cos carreiros que adentran na frondosidade vexetal dos Muíños de Samieira no río da Freiría no Concello de Poio en Pontevedra. Coa primavera o destino foi a costa do sol das Rías Baixas a través da ruta de bucaneiros e corsarios entre Monteferro e a Ramallosa nas praias de Panxón e América. Xa cos Maios visitaremos Ézaro, o Xallas, Caldebarcos e Carnota na procura do cume do Monte Pindo. Remataremos este programa de rutas camiñando polo Río Miño na raia Galego-Portuguesa por Terras de Salvaterra e Tui.

O número de prazas será de 48 . O prazo de inscrición estará aberto ata as 14:00 horas do xoves anterior á excursión para empadroados no Concello de Culleredo. O venres anterior ao día da rota abrírase o prazo para non empadroados no caso de quedaren prazas libres.

**O prezo por inscrición é de 10 euros por excursión cun abono de 72 euros para todas as excursións. Este prezo inclúe transporte, monitores especializados, seguro para cada excursionista e guieiros informativos. As inscricións poden realizarse no Edificio de Servicios Múltiples de O Burgo.**

**A saída está prevista para as oito da mañá con regreso aproximado ás nove da noite.**

**Culleredo, 11 de maio do 2009.**

**O CONCELLEIRO DE CULTURA**

**Asdo.: Celestino Poza Domínguez**